



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Acordo do 17 de decembro de 2025, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública a ampliación e actualización do proxecto de explotación, do plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da concesión de explotación derivada da sección C) denominada "Mondoñedo" núm. 5530.2, situada no termo municipal da Pastoriza, na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese a información pública a ampliación e actualización do proxecto de explotación, do plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da concesión de explotación derivada da sección C) denominada "Mondoñedo" núm. 5530.2, situada no termo municipal da Pastoriza, na provincia de Lugo. A documentación que se cita foi presentada por Pizarras Universal, SL, como titular da explotación.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental, atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, e no portal web da dita Consellería: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 17 de decembro de 2025.- O director territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3568

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL 2026

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2026, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2025, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 2.813.493,23 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2026	
		IMPORTE	%
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.768.493,23 €	98,40%
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	2.592.395,21 €	92,14%

1	Impostos directos	490.766,30 €	17,44%
2	Impostos indirectos	52.500,00 €	1,87%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	362.581,20 €	12,89%
4	Transferencias correntes	1.686.547,71 €	59,94%
5	Ingresos patrimoniais	0,00 €	0,00%
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	176.098,02 €	6,26%
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €	0,00%
7	Transferencia de capital	176.098,02 €	6,26%
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	45.000,00 €	1,60%
8	Activos financeiros	15.000,00 €	0,53%
9	Pasivos financeiros	30.000,00 €	1,07%
TOTAL INGRESOS		2.813.493,23 €	100,00%

ESTADO DE GASTOS/CLASIFICACIÓN POR CAPÍTULO

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2026	
		IMPORTE	%
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.737.753,23 €	97,31%
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	2.524.916,67 €	89,74%
1	Gastos do Persoal	1.695.508,28 €	60,26%
2	Gastos correntes en bens e servizos	677.315,40 €	24,07%
3	Gastos financeiros	37.955,00 €	1,35%
4	Transferencias correntes	74.947,65 €	2,66%
5	Fondo de continxencia	39.190,34 €	1,39%
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	212.836,56 €	7,56%
6	Investimentos reais	212.836,56 €	7,56%
7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00%
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	75.740,00 €	2,69%
8	Activos financeiros	15.000,00 €	0,53%
9	Pasivos financeiros	60.740,00 €	2,16%
TOTAL GASTOS		2.813.493,23 €	100,00%

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal:

CADRO DE PERSOAL 2026

A. FUNCIONARIOS/AS DE CARRERA

ESCALA ADMINISTRACIÓN GENERAL

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL C.D.
FAX01	SECRETARIO/A INTERVENTOR/A	V	F.H.N	A1	26
			SECRETARÍA- INTERVENCIÓN	F.H.N.	

FAX02	ADMINISTRATIVO/A	O	ADMINISTRATIVO	C1	18
FAX03	AUXILIAR	V/SE	AUXILIAR	C2	14
FAX04	AUXILIAR	O	AUXILIAR	C2	14
FAX05	AUXILIAR	O	AUXILIAR	C2	14
FAX06	SUBALTERNO/A	V	SUBALTERNA	A.P.	11

ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	SUBESCALA	CLASE	GRUPO	NIVEL C.D.
FAE01	TRABALLADOR/A SOCIAL	O	TÉCNICA	MEDIA	A2	20
FAE02	A.E.D.L.	O	TÉCNICA	MEDIA	A2	20
FAE03	TRABALLADOR/A SOCIAL	INTERINID.	TÉCNICA	MEDIA	A2	20
FAE04	EDUCADOR/A SOCIAL	INTERINID.	TÉCNICA	MEDIA	A2	20
FAE05	MONITOR/A OCIO E TL	INTERINID.	TÉCNICA	AUXILIAR	C2	14
FAE06	MONITOR/A OCIO E TL	INTERINID.	TÉCNICA	AUXILIAR	C2	14
FAE07	MONITOR/A OCIO E TL	INTERINID.	TÉCNICA	AUXILIAR	C2	14

B. PERSONAL LABORAL**B.1.- PERSONAL LABORAL FIXO**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	GRUPO	SALARIO BASE
PL01	ENCARGADO/A BIBLIOTECA (Media xornada)	O	03	1.184,00
PL02	AUXILIAR S. SOCIAIS	O	04	1.382,10
PL03	AUXILIAR (INF. XUV.)	O	04	1.184,00
PL04	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL05	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL06	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL07	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL08	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL09	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL10	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL11	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL12	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL13	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL14	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL15	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL16	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00

PL17	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL18	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL19	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL20	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL21	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL22	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL23	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL24	TRABALLADORA S.A.F.	O	09	1.184,00
PL25	LIMPIADORA	O	10	1.184,00
PL26	LIMPIADORA	O	10	1.184,00
PL27	OPERARIO (LIXO)	O	10	1.283,16
PL28	OPERARIO VIXIANCIA	O	10	1.184,00
PL29	OPERARIO/A	V	10	1.184,00
PL30	OPERARIO/A	V	10	1.184,00

B.2.- PERSONAL LABORAL TEMPORAL

ADSCRIPCIÓN	DENOMINACIÓN	GRUPO	SALARIO
SERV. VARIOS	OPERARIO/A RECOLLIDA LIXO (6 MESES)	10	1.283,16

B.3.- PERSONAL LABORAL TEMPORAL (SUBVENCIONADO)

SUBVENCIÓN	DENOMINACIÓN	GRUPO	SALARIO
ATENCIÓN TEMPERÁ	PEDAGOGO/A (12 MESES)	01	1.917,17
ATENCIÓN TEMPERÁ	PSICOPEDAGOGO/A (12 MESES)	01	1.917,17
ATENCIÓN TEMPERÁ	LOGOPEDA (12 MESES)	02	1.707,22
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.184,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.184,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.184,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.184,00
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA S.A.F. (12 MESES)	09	1.134,00
PLAN CORRESPONSABLES	MONITOR/A OCIO E TEMPO LIBRE 50 % (2 MESES)	10	592,00
PLAN CORRESPONSABLES	MONITOR/A OCIO E TEMPO LIBRE 50 % (2 MESES)	10	592,00
INCENDIOS	XEFE/A BRIGADA (3 MESES)	03	1.290,00
INCENDIOS	CONDUCTOR/A (3 MESES)	10	1.229,00
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.184,00
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.184,00

INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.184,00
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2,33 MESES)	08	1.714,29
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2,33 MESES)	08	1.714,29
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2,33 MESES)	08	1.714,29
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.184,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.184,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.184,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVIZOS (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A LIMPEZA (6 MESES)	10	1.184,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A LIMPEZA (6 MESES)	10	1.184,00

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Antas de Ulla, 19 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3569

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 9/2025 DO VIXENTE ORZAMENTO 2025, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS POR MAIORES INGRESOS NÚM. 1/2025

O acordo inicial adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2025, de aprobación de expediente de modificación de créditos núm. 9/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de créditos por maiores ingresos núm. 1/2025, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, 5 marzo:

Aplicacións que se modifican:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Econ.				
920	120	Retribucións básicas (funcionarios)	125.247,86	10.000,00	135.247,86

920	160	Seguridade Social	96.306,01	5.533,65	101.839,66
		TOTAL	221.553,87	15.533,65	237.087,52

Esta modificación finánciase con cargo a maiores ingresos, nos seguintes termos:

Suplementos en Conceptos de Ingresos

Aplicación			Descrición	Orzado	Recadado
Económica					
Cap.	Art.	Conc.			
4	45	450	Subvención Xunta de Galicia SI436A	39.469,35	55.000,00
			TOTAL INGRESOS	39.469,35	55.000,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición. Sen perxuízo dela, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de dito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Antas de Ulla, 19 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3570

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 10/2025 DO VIXENTE ORZAMENTO 2025, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS (CAP. 6, FINANCIADOS MEDIANTE ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS) NÚM. 2/2025

O acordo inicial adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2025, de aprobación de expediente de modificación de créditos núm. 10/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de créditos (Cap. 6, financiados mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións) núm. 2/2025, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, 5 marzo:

Aplicacións que se modifican:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos actuais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
153	609	Investimentos na rede viaria municipal	758.511,97	26.500,00	785.011,97
334	629	Investimentos aulas de lectura públicas	20.000,00	28.340,00	48.340,00
342	629	Investimentos no Complexo Deportivo	87.478,56	8.700,00	96.178,56
		TOTAL	865.990,53	63.540,00	929.530,53

Esta modificación finánciase con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, nos seguintes termos:

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
170	629	Investimentos enerxía fotovoltaica	29.136,80	-8.533,64	20.603,16

231	629	Investimentos vinculados a Servizos Sociais	95.303,74	-20.720,00	74.583,74
332	629	Investimentos BPM - Casa da Cultura	63.851,22	-21.873,73	41.977,49
414	629	Investimentos Desenvolvemento Rural	4.645,26	-2.322,63	2.322,63
459	629	Investimentos Outras Infraestruturas	19.909,54	-10.090,00	9.819,54
		TOTAL	212.846,56	-63.540,00	149.306,56

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición. Sen perxuízo dela, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de dito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Antas de Ulla, 19 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3571

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 14/2025 DO VIXENTE ORZAMENTO 2025, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS (CAP. 1 E 2, FINANCIADOS MEDIANTE ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS) NÚM. 3/2025

O acordo inicial adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2025, de aprobación de modificación de créditos núm. 14/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de créditos (Cap. 1 e 2, financiados mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións) núm. 3/2025, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, 5 marzo:

Aplicacións que se modifican:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos actuais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	131	Persoal laboral temporal	103.934,32	11.518,35	115.452,67
241	131	Persoal laboral temporal	111.636,90	1.600,00	113.236,90
241	160	Seguridade Social	42.050,94	400,00	42.450,94
920	120	Funcionarios (Retribucións básicas)	135.247,86	3.000,00	138.247,86
920	131	Persoal laboral temporal	15.876,00	13.770,00	29.646,00
920	160	Seguridade Social	101.839,66	10.350,00	112.189,66
231	231	Desprazamentos Persoal SAF	45.000,00	7.650,00	52.650,00
		TOTAL	555.585,68	48.288,35	603.874,03

Esta modificación finánciase con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, nos seguintes termos:

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
326	226	Gastos diversos	39.000,00	-8.000,00	31.000,00
929	500	Fondo de Continxencia	40.288,35	-40.288,35	0,00
		TOTAL	79.288,35	-48.288,35	31.000,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición. Sen perxuízo dela, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de dito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Antas de Ulla, 19 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3572

BALEIRA*Anuncio*

Delegación da competencia para celebración de matrimonio civil entre José Antonio Calvín López . e Estefanía Campo Rodríguez o día 27 de decembro do 2025 , ás 13:30 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello de Baleira (Lugo):

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira (Lugo) o 17 de decembro do 2025 dictou a Resolución que de seguido se transcribe: :

"Expediente n.º: 387/2025

Procedimiento: Celebración Matrimonios Civiles

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o contido da Resolución de 21 de outubro do 2025 da Encargada da Oficina Xeral do Rexistro Civil de A Fonsagrada , autorizando o matrimonio solicitado por D. José Antonio Calvín López e D^a Estefanía Campo Rodríguez , delegando a súa celebración no Concello de Baleira , de conformidade coas facultades que me confiren os artigos 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local,artigo 61.3 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e 51.2 do Código Civil,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro deste Concello de Baleira , D. Miguel Ángel Fernández González, a competencia para a celebración do matrimonio civil de D. José Antonio Calvín López e D^a Estefanía Campo Rodríguez o día 27 de decembro do 2025 ás 13:30 horas no salón de sesións do Concello de Baleira .

Segundo.-Na acta de autorización do matrimonio fárase constar que o Concelleiro actuou por delegación do Alcalde.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao Sr. Concelleiro para o seu coñecemento e demais efectos , debéndose incorporar ó expediente a aceptación da presente delegación.

Cuarto .- Dar conta desta Resolución á Corporación Municipal en Pleno na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Baleira,17 de decembro de 2025.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López".

R. 3562

BURELA*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Don Jesús José Fernández Fernández e Dona Marisol del Carmen Romero Ramírez, que se celebrará o 22 de decembro de 2025, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 18 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3563

LUGO*Anuncio*

Na sesión plenaria celebrada o día 27 de novembro de 2025 adoptáronse os acordos que, a seguir, se relacionan:

A)

22/183 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, LOGO DA INCORPORACIÓN DA CONCELEIRA DONA MARÍA REIGOSA CASTRO (2025/G004/000653).- Logo da incorporación ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE da concelleira dona María Reigosa Castro -segundo comunicación presentada o día 31 de outubro 2025 no Rexistro de Pleno co número 326/2025- **DÁSELLE CONTA** ó Excmo. Concello Pleno da nova composición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, manténdose o resto dos grupos sen variacións, quedando, en consecuencia, todos eles como a continuación se indica:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE LUGO.**DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023.

Número de rexistro xeral do Pleno: 118

Compoñentes:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Dona Iria Buide Pena.

Portavoz:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Dona Iria Buide Pena.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 119**Compoñentes:**

Dona Elena Candia López.
Dona Cristina Sanz Arias.
Don Antonio Ameijide Osorio.
Don Javier Vázquez Prado.
Dona Flora Rubinos Rois.
Dona Silvia Colmenero Guzmán.
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
Don Agustín Gallego Vigo.
Dona Aurora Aida Goás Castro.
Don Gustavo Enrique Díaz Rey.
Dona María del Mar Carballas Piñeiro.
Don Damián Carballo Méndez.

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Data de presentación do escrito de constitución: 21 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 120**Compoñentes:**

Don Miguel Fernández Méndez.
Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Dona María de los Ángeles Novo Martínez.
Don Waldir Sinisterra Restrepo.
Dona María Reigosa Castro.

Portavoz:

Dona Ana María González Abelleira.

Suplentes da portavoz:

O resto dos concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

B)

Exp. 2025/G004/000670

5/166 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E

INDEMNIZACIÓN A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DE ALCALDÍA do 20 de novembro de 2025, asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente, do teor literal seguinte:

“MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (2025/G004/000670).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- Acordo 6/78, adoptado na sesión plenaria extraordinaria de organización celebrada o día 26 de xuño de 2023, relativo ás asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da corporación e asignacións económicas aos grupos políticos municipais, posteriormente modificado polos acordos 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2023, 8/90 do Pleno ordinario do 30 de maio de 2024 e 4/57 do Pleno ordinario do 30 de abril de 2025, para adaptalos á organización municipal xurdida dos decretos 464/2024, do 19 de xaneiro, 4036/2024, do 30 de abril e 2730/2025, do 19 de marzo.

2.- Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, no que se reflicte unha nova organización municipal con motivo da toma de posesión no Pleno, do 30 de outubro de 2025, de dona María Reigosa Castro como concelleira desta corporación.

3.- Informes de Tesourería, expresivo de existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias 91200.10000 (RC 4346/2025) e 91200.16000 (RC 4347/2025), e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, do 18 de novembro de 2025.

E como é preciso adaptar as referidas asignacións e indemnizacións establecidas no referido acordo á nova organización reflectida no Decreto 10280/2025, propónselle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024 e 8/90 do Pleno ordinario do 30 de maio de 2024 e 4/57 do Pleno ordinario do 30 de abril de 2025-, *no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 10280/2025, do 4 de novembro, polo que se establece a nova organización municipal que entrará en vigor o 10 de novembro de 2025, cuxos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva quedarán redactados como segue:*

“PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte **RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:**

A) Determinación os supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- O alcalde presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 76.145,16 euros, repartidas en 14 mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan).

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 54.982,20 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes 12 cargos:

- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.
- A tenencia de Alcaldía delegada de Urbanismo e Deportes e Xuventude.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cohesión Social.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- A Concellería Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- A Concellería Delegada de Infraestruturas Urbanas.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

3.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de 38.487,54 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes cargos:

- Á Concellería Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.
- Á Concellería Delegada de Movementos Migratorios.

4.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 12% da dedicación exclusiva) na contía de 6.597,86 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), o seguinte cargo:

- Á Concellería Delegada de Cohesión Territorial.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das corporacións locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e ata os límites establecidos nestas ou nas disposicións que as regulen.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100% das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas, se é o caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.

c) Por concorrencia ás sesións das comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.

- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas neste acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación nos tenentes e tenentas de alcalde delegados e delegadas, concelleiros e concelleiras delegados e delegadas así como aos tres concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular (10 de novembro de 2025)."

2.- DITAME FAVORABLE emitido na Comisión Permanente Ordinaria de Alcaldía, Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial celebrada o día 20 de novembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024 e 8/90 do Pleno ordinario do 30 de maio de 2024 e 4/57 do Pleno ordinario do 30 de abril de 2025-, *no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 10280/2025, do 4 de novembro, polo que se establece a nova organización municipal que entrará en vigor o 10 de novembro de 2025, cuxos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva quedarán redactados como segue:*

“PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:

A) Determinación os supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- O alcalde presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 76.145,16 euros, repartidas en 14 mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan).

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 54.982,20 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes 12 cargos:

- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.
- A tenencia de Alcaldía delegada de Urbanismo e Deportes e Xuventude.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cohesión Social.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- A Concellería Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- A Concellería Delegada de Infraestruturas Urbanas.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

3.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de 38.487,54 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes cargos:

- Á Concellería Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.
- Á Concellería Delegada de Movementos Migratorios.

4.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 12% da dedicación exclusiva) na contía de 6.597,86 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), o seguinte cargo:

- Á Concellería Delegada de Cohesión Territorial.

Aplicaránelles as asignacións anteriores aos concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das corporacións locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e ata os límites establecidos nestas ou nas disposicións que as regulen.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100 % das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas, se é o caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
- b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
- c) Por concorrencia ás sesións das comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a **DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO** será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.
- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas neste acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación nos tenentes e tenentas de alcalde delegados e delegadas, concelleiros e concelleiras delegados e delegadas así como aos tres concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular (10 de novembro de 2025)."

C)

23/184 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 10280/2025, DO 4 DE NOVEMBRO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN, SOBRE A NOVA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL LOGO DA TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, DONA MARÍA REIGOSA CASTRO (2025/G004/000674).- Examinado o expediente tramitado para estes efectos, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, do Libro Único de Resolucións, de organización municipal que rexerá dende o 10 de novembro de 2025, do seguinte teor:

"Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Logo da incorporación da concelleira dona María Reigosa Castro ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e co fin de alterar o menos posible a actual organización, apróbase a nova que, en resumo, suporá a transformación da Área de Cohesión Territorial na concellería delegada de Cohesión Territorial, á fronte da cal estará dona María Reigosa Castro; e a división da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, en dúas novas áreas, unha delas a de Xestión Integral de Recursos Internos, á fronte da cal estará dona Ana María González Abelleira, e a outra de Urbanismo e Deportes e Xuventude, á fronte da cal estará don Jorge Bustos Atanasio.

Esta Alcaldía en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo de organización municipal:

PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, como membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán
- Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxó Fernández
- Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.^a María Cristina López Fernández
- Sra. D.^a Olga López Racamonde
- Sr. D. Jorge Bustos Atanasio

SEGUNDO.- Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Rubén Arroxó Fernández e como primeiro e segunda suplentes deste a don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona Ana María González Abelleira.

As súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

CUARTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcalde as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcalde**:

- primeiro tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxó Fernández

- segundo tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán
- terceira tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- cuarta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- quinta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Olga López Racamonde.
- sexta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a María Cristina López Fernández
- sétimo tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Jorge Bustos Atanasio

As tenentas e os tenentes de alcalde substituirán o alcalde pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

QUINTO.- A denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** será a seguinte:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área e que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil e Servizo de Informática e os edificios dedicados ás novas tecnoloxías.

Así mesmo, adscribíse a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a Alcaldía e dependendo directamente desta.

A esta Área de Alcaldía e Transición Ecolóxica, corresponderalle a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento.

Así mesmo, a Alcaldía poderá encomendar directa e expresamente a calquera persoal municipal a elaboración concreta daquela documentación que se lle indique, relativa ás súas respectivas áreas de traballo.

Dentro desta área créase unha concellería de carácter específico **CONCELLERÍA DE COHESIÓN TERRITORIAL**, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural.

- dinamización e promoción sociocultural dos centros situados na zona rural.
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: centros de dinamización rural, Parque Móbil municipal, Brigada e Parque de Maquinaria e Unidades de Zona Rural.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local,
- fomento das actividades de interese público,
- patrimonio municipal,
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica/o municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluído conserxería e notificadores/as.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores/as.

Esta **ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de persoal. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores/as.

ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- urbanismo,
- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico, incluíndo proxectos de obras ordinarias e de urbanización,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal,
- EVISLUSA,

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Oficina de Arqueoloxía, así como a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA), puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa da Música e Sección de Deportes.

Esta **ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e da Oficina de Arqueoloxía.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local e
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía,
- establecer relacións de colaboración con entidades de carácter municipal e supramunicipal,
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais,
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS, Impulso Verde e Viveiros de empresas.

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social
- voluntariado social,
- minorías étnicas,
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).
- organizacións non gobernamentais,
- centros de dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gándoy e programas “Sen Teito”, “Acompañámoste” e “Atención ás persoas maiores” e outros directamente relacionados coas materias propias desta área, centros onde se desenvolven actividades asociativas (Casa “Clara Campoamor”, Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro).

Dentro desta área créanse dúas concellerías de carácter específico:

A) CONCELLERÍA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- centros municipais: pisos de acollida e Casa da Muller,
- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: programa “Aprende xogando”, Centro de Atención á Muller e pisos de acollida.

B) CONCELLERÍA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- inmigración,
- impulso da convivencia e programas e actividades de integración social,
- creación de espazos de convivencia.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de

Educación e pedagogas/os municipais, centros de educación infantil, celadores/as de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado/a e vixilantes/as de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía, Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, cuxa titularidade se reserva esta Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**.

Ao segundo tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**.

Á terceira tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

Á cuarta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Ana María González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS.

Á quinta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Olga López Racamonde, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL.

Á sexta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a M.^a Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

Ao sétimo tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Jorge Bustos Atanasio, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentas/es de alcalde delegadas/os de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

OITAVO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentas/es de alcalde de acordo co seguinte:

As e os tenentas/es de alcalde delegadas/os de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua**.
2. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos supliraa a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social**.
3. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza**.
4. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais suplirao o **tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude**.
5. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude suplirao o **tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais**.
6. Á tenenta de alcalde delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas**.
7. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social supliraa a **tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos**.

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcalde titular dunha área e o seu suplente, o alcalde asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentas/es de alcalde delegadas/os de área e nas e nos concelleiras/os delegadas/os o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abranque:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle á tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a ela ou a outra área.
- corresponderalles ás e aos tenentas e tenentes de alcalde delegadas/os de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto

dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

O alcalde **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- exercicio das atribucións que lle corresponden ao alcalde en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA, TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**,
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

DÉCIMO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1 en DONA MARÍA REIGOSA CASTRO **respecto da CONCELLERÍA DELEGADA DE COHESIÓN TERRITORIAL**,

2 en DONA IRIA BUIDE PENA respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO**,

3 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS**,

4 en DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN**.

5 en DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS**.

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenenta de alcalde delegada ou tenente de alcalde delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentas/es de alcalde delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegadas/os** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- "**visto e praxe**" das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,

- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR:

1. Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación.

2. Coa finalidade de efectuar as modificacións que procedan no xestor de expedientes e demais aplicacións informáticas, este Decreto terá efectos o **CUARTO DÍA SEGUINTE AO DA SÚA SINATURA**, período no que deberán manifestar a súa aceptación os delegados e delegadas, aceptación que se entenderá automaticamente efectuada co transcurso de dito prazo.

3. Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase."

De todo o cal, o Excmo. Concello quedou informado para os oportunos efectos.

Así mesmo o Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, ditou os seguintes Decretos:

A)

DECRETO NÚMERO 11257/2025, DO 1 DE DECEMBRO DE 2025

2025/G001/011655

DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1. Acordo plenario número 2/143, da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2025, de toma de posesión de dona María Reigosa Castro como concelleira desta Excm. Corporación.
2. Comunicación do 31 de outubro de 2025 (número de Rexistro de Pleno 326/2025) de adscrición de dona María Reigosa Castro ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do que se deu conta ao Pleno na sesión ordinaria do 27 de novembro de 2025 (acordo 22/183).
3. Decreto 10280, do 4 de novembro de 2025 -que entrou en vigor o día 10 de novembro seguinte- de organización municipal e no que se designou a dona María Reigosa Castro concelleira delegada de Cohesión Territorial.
4. Comunicación do 5 de novembro de 2025 (número de Rexistro de Pleno 328/2025) de adscrición de dona María Reigosa Castro ás distintas comisións de Pleno.

De conformidade con todo o anterior e coa finalidade de recoller nun só decreto a composición actual das comisións de Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade co escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE -número 328/2025 de rexistro do Pleno-, a adscrición de dona María Reigosa Castro ás distintas comisións de Pleno, manténdose o resto de nomeamentos nas comisións permanentes ordinarias e especiais, de conformidade cos escritos presentados no seu día polos voceiros dos distintos grupos municipais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e dona María Reigosa Castro.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA

- Vicepresidente: DON JORGE BUSTOS ATANASIO

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 23 de maio de 2025).

- COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona María de los Ángeles Novo Martínez e don Waldir Sinisterra Restrepo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxo Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona María de los Ángeles Novo Martínez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e dona María Reigosa Castro.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, don Alexandre Penas Roibás e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María del Mar Carballas Piñeiro (que actuará como portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

- COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS E URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Jorge Bustos Atanasio e don Waldir Sinisterra Restrepo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará como portavoz), don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA (elixida na sesión da Comisión do 21 de novembro de 2025).

- Vicepresidente: DON JORGE BUSTOS ATANASIO.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 26 de maio de 2025).

- COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIALComposición (en representación dos grupos municipais):Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz), don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.

- Vicepresidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 26 de maio de 2025).

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.

B)

DECRETO NÚMERO 11452/2025, DO 5 DE DECEMBRO DE 2025**DECRETO****MODIFICACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL ASIGNADA A DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, CONCELEIRO DELEGADO DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS (2025/G001/011750).**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o Decreto número 10280, do 4 de novembro de 2025 -que entrou en vigor o día 10 de novembro seguinte-, no que se reflicte unha nova organización municipal logo da incorporación dunha nova concelleira ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

Visto así mesmo o acordo número 5/166 do Pleno do 27 de novembro de 2025, polo que se aprobou MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024 e 8/90 do Pleno ordinario do 30 de maio de 2024 e 4/57 do Pleno ordinario do 30 de abril de 2025-, *no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 10280/2025, do 4 de novembro, polo que se establece a nova organización municipal que entrará en vigor o 10 de novembro de 2025*, cunha nova redacción nos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva, e que no que lle atinxe a vostede sinala que dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de 38.487,54 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes cargos:

...

- Á Concellería Delegada de Movementos Migratorios.

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando o presidente da corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación, RESOLVO:**

Primeiro.- Modificar a dedicación parcial que lle fora atribuída a don Waldir Sinisterra Restrepo, concelleiro delegado de Movementos Migratorios, por unha nova equivalente a un 70% da dedicación exclusiva, na contía de 38.487,54 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos incrementos anuais que correspondan) con efectos do 10 de novembro de 2025.

Segundo.- Notificarlle esta resolución ó dito concelleiro coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas e parciais é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.

- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva ou parcial require a súa aceptación polo designado ou designada que, neste caso, terá efectos do 10 de novembro de 2025.

Terceiro.- Notifíqueselles aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos e o aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.

C)

DECRETO NÚMERO 11458/2025, DO 5 DE DECEMBRO DE 2025

DECRETO

REXEITAMENTO DA DEDICACIÓN PARCIAL ASIGNADA A DONA MARÍA REIGOSA CASTRO, CONCELEIRA DESTA CORPORACIÓN (2025/G001/011804).

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto que no Pleno celebrado o pasado día 30 de outubro de 2025 tomou posesión como concelleira desta corporación dona María Reigosa Castro.

Tendo en conta, así mesmo, que esta Alcaldía ditou o Decreto número 10280, do 4 de novembro de 2025, - que entrou en vigor o día 10 de novembro seguinte-, no que se reflicte unha nova organización municipal con motivo da toma de posesión da concelleira antes sinalada, asignándolle a Concellería Delegada de Cohesión Territorial.

Visto, así mesmo, o Acordo número 5/166 do Pleno do 27 de novembro de 2025, polo que se aprobou MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario, do 1 de febreiro de 2024, e 8/90 do Pleno ordinario, do 30 de maio de 2024, e 4/57 do Pleno ordinario, do 30 de abril de 2025-, *no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 10280/2025, do 4 de novembro, polo que se establece a nova organización municipal que entrará en vigor o 10 de novembro de 2025*, cunha nova redacción nos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva, e que no que lle atinxe a dona María Reigosa Castro sinala que dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 12% da dedicación exclusiva) na contía de 6.597,86 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), o seguinte cargo:

- Á Concellería Delegada de Cohesión Territorial.

Visto o escrito remitido vía e-mail o día 4 de novembro de 2025, por dona María Reigosa Castro, no que *comunica a renuncia ás responsabilidades asignadas na área de goberno municipal como membro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, así coma ás retribucións correspondentes á adicación parcial correspondente ás mesmas.*

Esta Alcaldía sendo consciente de que a incorporación de dona María Reigosa Castro se produce nun momento no que o mandato corporativo se atopa moi avanzado e que tal circunstancia dificulta á señora concelleira a asunción das competencias delegadas xunto co desempeño do seu labor funcional e docente, **RESOLVE**, ao abeiro do establecido no artigo 124.4.g) da Lei de bases de réxime local:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de dona María Reigosa Castro á titularidade da Concellería Delegada de Cohesión Territorial que lle foi atribuída con efectos do 10 de novembro de 2025 e, polo tanto, á percepción

da dedicación parcial que lle foi asignada polo Acordo 5/166 do Pleno do 27 de novembro de 2025, mantendo o cargo de concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE.

Segundo.- Someter a dona María Reigosa Castro ao disposto no artigo 75.3 da Lei de bases da réxime local, segundo o cal percibirá asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación dos que forme parte, na contía sinalada no acordo plenario antes reflectido, dado que manterá o cargo de concelleira desta corporación

Terceiro.- Notificarlle esta resolución á dita concelleira, aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos.

Cúmprase.

D)

DECRETO NÚMERO 11673/2025, DO 12 DE DECEMBRO DE 2025

2025/G001/012050

DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Visto o Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, de organización municipal.

Visto, así mesmo, o Decreto 11458/2025, do 5 de decembro de 2025.

Esta Alcaldía en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Modificar o Decreto 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, no sentido de que as competencias de carácter específico que se inclúen na Concellería de Cohesión Territorial, recuperaraas o titular da Área da Alcaldía e Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, na que se atopa encadrada, en tanto non se proceda a un novo nomeamento.

SEGUNDO.- Darlle traslado desta modificación ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.

Lugo, 18 de decembro de 2025.- A secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García.

R. 3564

Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, fanse públicas a normativa e as ordenanzas correspondentes ao “Estudo de detalle das parcelas EQ2-EQ3 do Parque Empresarial “As Gándaras”, promovido pola UTE ECO Lugo, e redactado en novembro de 2024 polo arquitecto Eusebio Chao Carreiras, e aprobado definitivamente polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada con data do 30-12-2024 e aprobación de emendas presentadas, na sesión celebrada con data do 29-09-25 (publicado no DOG nº 67 de data do 07-04-2025)

Segundo consta no expediente administrativo o devandito Estudo de detalle foi obxecto de inscrición, con data do 03-12-2025, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

NORMATIVA E ORDENANZAS:

“4. DETERMINACIÓNS DA ORDENACIÓN PROPOSTA

4.1. Introducción

O ámbito de aplicación do presente ED circunscríbese ás parcelas EQ2 e EQ3 do Parque Empresarial de As Gándaras, situadas entre as rúas Domingo Fontán Rodríguez e Paz Parada Pumar, contando coa rúa María Barbeito polo medio de ambas. As súas respectivas referencias catastrais son 8168916PH1686N0001JM e parte da 8366901PH1686N0001ZM.

A continuación descríbense as determinacións resultantes da ordenación proposta e as medidas de integración ambiental e paisaxística, tanto para a urbanización das parcelas como para a construción das edificacións e instalacións que se asentén sobre elas.

4.2. Determinacións resultantes da ordenación proposta

4.2.1. Áreas de movemento e definición das aliñacións interiores

Defínense as áreas de movemento das edificacións dentro das liñas de edificación sinaladas no PS. Preservarase a banda libre nas fronteiras das parcelas cara a rúa Paz Parada Pumar, establecida polo PS, que se adicará a zona de aparcamento e circulación.

Estas áreas de movemento están definidas no apartado 3.2.2 e no plano 03.01 “ÁREA DE MOVEMENTO”, do presente estudo de detalle.

Tanto a parcela EQ2 como a EQ3 contan con dúas áreas de movemento cada unha.

Parcela EQ2: Conta cunha área de movemento de 110,00 x 25,00 metros cun retranqueo de 11,00 metros polo norte respecto á rúa Paz Parada Pumar e adosada ao límite da parcela na fachada leste á rúa María Barbeito.

A segunda área de movemento é de 20,00 x 30,00 metros sin retranqueo respecto ao límite da parcela na fachada sur á rúa Domingo Fontán Rodríguez e cun retranqueo de 10,00 metros respecto á parcela colindante polo lado oeste.

Parcela EQ3: Conta cunha área de movemento de 110,00 x 25,00 metros cun retranqueo de 11,00 metros polo norte respecto á rúa Paz Parada Pumar e adosada ao límite da parcela na fachada oeste á rúa María Barbeito.

A segunda área de movemento é de 20,00 x 30,00 metros sin retranqueo respecto ao límite da parcela na fachada sur á rúa Domingo Fontán Rodríguez e cun retranqueo de 10,00 metros respecto ao límite da parcela polo lado leste.

4.2.2. Superficie máxima de ocupación

Aínda que a ordenanza 7 indica que a superficie máxima de ocupación nas parcelas EQ2 e EQ3 será o 50% da súa superficie, salvo con instalacións deportivas ao aire libre, incluso graderíos e instalacións complementarias, dado que nestas parcelas está delimitada unha área de movemento, será esta última a que delimita a superficie máxima de ocupación coas edificacións.

Por elo, a superficie máxima de ocupación coas edificacións, salvo con instalacións deportivas ao aire libre, será a correspondente ás áreas de movemento que son 3.350,00 m² en cada unha das parcelas obxecto do presente estudo de detalle. Estes 3.350,00 m² estarán distribuídos en dúas áreas, unha de 2.750,00 m² e outra de 600,00 m² por parcela.

4.2.3. Superficie máxima edificable

A superficie máxima edificable será de 0,3757 m²/m² respecto á súa superficie total.

Tendo en conta que cada parcela ten unha superficie de 12.509,00 m², a superficie máxima edificable por parcela será de 4.700,00 m², non podendo superar os límites de superficies máximas de ocupación nin os volumes edificables.

4.2.4. Volumes edificables

O volume máximo edificable estará definido polas superficies das áreas de movemento e as alturas máximas das edificacións.

A altura máxima das edificacións será de 16,00 m a partir das rasantes establecidas no presente estudo de detalle, incluíndo nela os elementos de cuberta.

O número máximo de plantas sobre rasante será de catro, permitíndose o aproveitamento baixo rasante.

4.2.5. Axuste das rasantes interiores das parcelas

Como se indicou no apartado 3.2.6 da presente memoria, as rasantes interiores das parcelas descritas nos planos 03.03.01 “RASANTES PROPOSTAS EQ-2” e 03.03.02 “RASANTES PROPOSTAS EQ-3” do presente estudo de detalle, responden ás necesidades do desenvolvemento da actividade que se vai a desenvolver na parcela EQ2 consistente en Parque Central de Maquinaria para a Recollida e Transporte de Residuos Urbanos e Estación de carga de GNC (Gas Natural Comprimido), a facilitar o acceso á edificación de forma accesible e realizar o menor movemento de terras posible.

Se respecta en todo momento a rasante da urbanización existente, coincidente coas beirarrúas das rúas Paz Parada Pumar ao norte, María Barbeito ao leste e Domingo Fontán Rodríguez ao sur. No resto da parcela a rasante coincide coa natural do terreo.

A pesar de que non se coñece o uso ao que se vai destinar a parcela EQ3, pero dado que é simétrica á parcela EQ2, seguiuuse o mesmo criterio á hora de establecer as rasantes interiores da mesma, sempre en concordancia coas rasantes definidas no Proxecto de Urbanización que se está a desenvolver no perímetro da mesma.

4.2.6. Espazo interior das parcelas

O espazo interior das parcelas, fóra das áreas de movemento das edificacións e dos espazos dedicados a aparcamento e circulación interior, se dedicarán a unha gran praza pública.

As prazas terán o tratamento propio de espazos públicos e integrarán especies arbóreas.

4.2.7. Comunicación entre os volumes construídos en ambas parcelas

Se prevé a posibilidade de que os volumes construídos en ambas parcelas poidan comunicarse cun elemento construído sobre a Rúa B (hoxe Rúa María Barbeito).

Aínda que no plano 03.04 “PLANTA ANTEPROXECTO”, do presente estudo de detalle, se plantexa un elemento de comunicación entre os volumes construídos en ambas parcelas, cuxa altura libre entre a rasante da Rúa María Barbeito e él mesmo sexa igual ou superior a 6,00 metros, cun ancho 4 metros e lonxitude igual ao ancho do vial, que é de 23,00 metros, este podería chegar a ter un ancho de 20,00 m, a condición de que a dimensión en planta deste corpo voado non supere os 460,00 m2 e respecte a altura libre mínima de 6,00 metros coa rasante da Rúa María Barbeito.

4.2.8. Dotación de prazas de aparcamento

Dado que a dotación mínima de prazas de aparcamento ven definida en función dos usos específicos, haberá que indicar o seguinte:

Na parcela EQ2, dado que o uso será dotacional, se dispoñerá, como mínimo, dunha praza de aparcamento por cada 100 m2 de superficie construída. Posto que a edificabilidade máxima será de 4.700,00 m2, se establece o número de 47 prazas de aparcamento, todas elas no fronte da área de movemento situada ao norte da parcela.

Na parcela EQ3, en función do uso ao que se destine, se dispoñerán das prazas de aparcamento mínimas de acordo ao apartado D do artigo 49.1 do PXOM, tal como se indica no apartado 3.2.9 do presente estudo de detalle. Contando que o uso sexa dotacional e a edificabilidade máxima é de 4.700,00 m2, se establece o número de 47 prazas de aparcamento, todas elas no fronte da área de movemento situada ao norte da parcela.”

Lugo, 16 de decembro de 2025.- O tenente de alcalde delegado da área de Urbanismo e Deportes e Xuventude, Jorge Bustos Atanasio.

R. 3565

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025 adoptou, entre outros, o acordo 2/503 APROBACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2025, co número de prazas de persoal funcionario que se relacionan no anexo I.

ANEXO I. PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

PROMOCIÓN INTERNA:

Número	Praza	Escala	Grupo	Quenda
2	Oficial sepultureiro	A.E	C2	Promoción interna
1	Encargado monitor educación viaria	A.E	C2	Promoción interna
1	Oficial albanel	A.E	C2	Promoción interna
1	Oficial fontaneiro	A.E	C2	Promoción interna
1	Oficial cociñeiro	A.E.	C2	Promoción interna
1	Técnico de xestión	A.X.	A2	Promoción interna
1	Técnico de administración xeral	A.X.	A1	Promoción interna

ACCESO LIBRE:

Número	Praza	Escala	Grupo	Quenda
11	Bombeiro condutor	A.E.	C2	Libre
10	Policía local	A.E.	C1	6 libre / 4 mobilidade
2	Traballador/a social	A.E.	A2	Libre
1	Traballador/a social	A.E.	A2	Reserva discapacidade
2	Técnicos de administración xeral	A.X.	A1	Libre
1	Técnico de administración xeral	A.X.	A1	Reserva discapacidade
2	Delineantes	A.E.	B	Libre
1	Enxeñeiro/a técnico industrial	A.E.	A2	Libre
1	Ordenanza	A.X.	A.P	Reserva discapacidade int.
2	Técnico educación infantil	A.E.	B	Libre
1	Arquitecto/a	A.E.	A1	Libre
1	Enxeñeiro/a de camiños	A.E.	A1	Libre
2	Analista programador	A.E.	A2	Libre
1	Educador/a social	A.E.	A2	Libre
1	Auxiliar administrativo	A.X.	C2	Libre
1	Auxiliar administrativo	A.X.	C2	Reserva discapacidade

O que se fai público en cumprimento dos artigos 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Lugo, 19 de decembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 3577

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 18/12/2025, aprobou inicialmente o expediente núm. 674/2025 de modificación de créditos do orzamento do 2025. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaría deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3566

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 18 de decembro de 2025, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de novembro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3567

O VALADOURO*Anuncio*

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente de modificación do presuposto municipal vixente (nº 2 dous de competencia do Pleno do Concello), consonte ó acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2025, ascendendo o seu importe á cantidade de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (155.000,00 euros), de conformidade co preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal:	996.939,41
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos:	1.720.288,55
Capítulo III, Gastos financeiros:	1.000,00
Capítulo IV, Transferencias correntes:	157.896,00
Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos:	---
Capítulo VI, Investimentos reais:	731.244,88
Capítulo VII, Transferencias de capital:	20.000,00
Capítulo VIII, Activos financeiros:	---
Capítulo IX, Pasivos financeiros:	---
SUMA TOTAL	3.627.368,84

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente nº 2/2025 de modificación de presuposto municipal de gastos para o exercicio 2025, poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Valadouro, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 3578

XOVE*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.026, en sesión ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2025, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles- que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que

durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Xove, 19 de decembro de 2025.- O alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3580
